

SAL. 011328 04.12.14 10:15

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE DECEMBRO DE 2014, POLA QUE SE ACORDA MANTER OS PREZOS DO CURSO 2013-2014 PARA OS ALUMNOS/AS ESTRANXEIROS QUE FORMALIZARON MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Por Resolución de 23 de setembro de 2014 . acordouse que os alumnos/as estranxeiros de Máster de países de fóra do EEES que iniciaron estudos no curso 2013-2014, e que continúen os mesmos estudos na USC, abonarán a matrícula do curso 2014-2015, cos mesmos prezos que abonaron o curso anterior.

Con data do 13 de novembro de 2014 o Valedor da Comunidade Universitaria, como consecuencia dunha queixa de alumnos de doutoramento (Q1409/05) propuxo como recomendación que a suba de prezos do doutoramento acordada por Resolución do 5 de agosto de 2014 en aplicación do Decreto de prezos da Xunta de Galicia para o Curso 2014-15 só se faga efectiva para a aquelas persoas que inicien os estudos no presente curso académico, e non, para os que os continúen.

Tendo en conta que se debe actuar para manter o principio de confianza lexítima, mantendo as mesmas condicións aos alumnos afectados que se matricularon o curso anterior,

É por iso que, esta Reitoría RESOLVE:

ÚNICO.- Os alumnos/as de doutoramento que cumpran os seguintes requisitos:

- 1º) ser estranxeiro de países de fóra do EEES;
- 2º) non ostentar a condición de residentes;
- 3º) ter iniciado estudos antes do Curso 2014-15;
- 4º) continuar cursando os mesmos estudos na USC que no curso anterior;

Aboarán, na matrícula do presente curso académico, os mesmos prezos de matrícula que aboaron o curso anterior.

A Secretaría Xeral ditará as instrucións oportunas para a aplicación do disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2014

O Reitor


Juan M. Vjaño Rey

